

PREGUNTA DE AER SOBRE A PASARELA E TERREOS DE ADIF EN CHAPELA

PLENO 4 OUTUBRO 2012. ACTA 16/2012

No Pleno do 29 de febreiro do 2012 mediante unha comparecencia con respecto aos distintos terreos que posúe ADIF en Chapela e a pasarela que cruza a vía do tren, o señor alcalde respondeu tal como di o acta:

O Alcalde dí que cada vez que ten ocasión fai constar a Fomento e a ADIF as necesidades e demandas que hai en Redondela. Indica que cando recén veu a ministra a Vigo, tivo contacto con ela e co director da ADIF e lles falou desas demandas. Dí que hai un compromiso de responder pronto.

No pleno do 26 de abril do 2012 tras preguntarlle ao voceiro Alberto Pazos, este contestou con estas palabras segundo a acta:

O concelleiro Pazos Couñago dí que hai dúbidas sobre a quen lle corresponde o mantemento. Van a proceder a realizar melloras para acadar unhas condicións mínimas de seguridade.

Hoxe, a día 26 de xullo do 2012, esperamos que teñan solucionadas esas dúbidas e poidan facilitarnos algo en concreto, pois a eficacia demóstrase con feitos e non co típico “estamos traballando niso”, que xa cheira un pouco.

Non sabemos de quen é a responsabilidade do arranxo da pasarela, non sabemos se fixeron xestión algunha para a cesión dos terreos de ADIF que poidan ter un uso público para os veciños e se solicitaron a súa limpeza.

Poden aclararnos todas estas cuestións?.

Resposta o concelleiro Pazos Couñago, na pasarela se fixeron unhas reparacións mínimas para garantir o uso por parte dos cidadáns ata que haxa unha solución final do tema. Saben que hai un proxecto para deixalo resolto.